



Noelia Rodríguez Corbillón, con número de colexiada 2345, como Traballadora Social do Concello das Neves (Pontevedra)

INFORMO:

Da necesidade de modificar os listados de CAMPAMENTOS DE VERÁN 2018.

Baseándonos nas bases que regulan dita actividade, elaborouse unha primeira listaxe na que se incluían nenos que repetían praza nos dous meses ofertados, atendendo a razóns como: dar preferencia en primeiro lugar a aquelas familias nas que traballaban os dous pais ou un, en caso de familias monoparental (empadroados no municipio); en segundo lugar cando traballaban un dos dous (igualmente empadroados no municipio); en terceiro lugar os menores que sendo do municipio non traballaran ningún membro da unidade familiar; e por último e sempre que sobrarian prazas, nenos de fora do municipio que estiveran desfrutando da etapa estival neste concello, todo por rigoroso orde de rexistro.

Tras unha lectura das circulares enviadas a través dos diferentes centros, observase, que queda ben claro que todos os nenos anotados terán dereito a desfrutar alomenos dun dos meses, e que se poderá repetir praza en caso de que sobren.

Polo exposto, estamos obrigadas a modificar as listaxes e incluír en Agosto, primeiro os menores que non desfrutaron no mes de xullo, dacordo cos requisitos establecidos anteriormente.

En As Neves, a 4 de xullo de 2018

A Traballadora Social

Asdo. Noelia Rodríguez Corbillón (2345)